

Resolución do 21 de xuño de 2019, do Director-Xerente, no proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Oficial Administrativo/a resultante do período de actualización de listas de outubro de 2018, pola que se aproban e se fan públicas as listas previas definitivas desta categoría.

Por resolución do 17 de xuño de 2019 da comisión de selección, publicada na páxina web de SEAGA, aprobáronse e fixéronse públicas as listas previas provisionais de candidatos/as na categoría de Oficial Administrativo/a resultantes do período de actualización de méritos.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre ditas listas previas provisionais, de conformidade co establecido nas bases xerais 2.1.3 e nas bases específicas 2.1.2 das que rexen o proceso, este Director-Xerente, **ACORDA:**

Primeiro.-Resolver as reclamacións efectuadas.

Resolver as reclamacións efectuadas contra a aprobación das listas previas provisionais de candidatos/as publicadas e aprobadas por resolución do 17 de xuño de 2019 da comisión de selección.

Segundo.-Facer públicas as listas previas definitivas de candidatos/as.

Facer públicas as listas previas definitivas de candidatos/as, por duplicado exemplar, un exemplar no que os/as candidatos/as figuran por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co D.N.I., apelidos e nome, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais, discapacidade e puntuación, e outro exemplar no que os/as candidatos/as figuran por orde ascendente do D.N.I, apelidos e nome, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais, discapacidade e puntuación, que se poden consultar na páxina web de SEAGA escollendo a categoría correspondente, según o perfil/ís e ámbito/s territorial/ais seleccionados polo/a candidato/a no Anexo I da solicitude.

Santiago de Compostela, a 21 de xuño de 2019.

O Director-Xerente.

Asdo.-Pablo Arbones Maciñeira

